

Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA
(Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade)

D./D^a.

_____, con DNI _____, e domicilio a efecto de notificación en _____, comparece e, como mellor proceda en Dereito,

EXPÓN

Que, en relación co anuncio polo que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización ambiental integrada para o proxecto "Planta de Biogás Laracha" (Expediente: 2024-IPPC-I-94), promovido por BIOENERXÍA A CORUÑA S.L.U., presento as seguintes **ALEGACIÓNS**:

(1) IMPACTO POR CHEIROS E DETERIORACIÓN DA CALIDADE DO AIRE.

O proxecto prevé o tratamento de ata 63.500 toneladas anuais de residuos. Entre as materias primas a procesar inclúense residuos de alto potencial fétido, como son os xurros de vacún, lodos de conserveiras e, especialmente, residuos de matadoiro clasificados como SANDACH.

A carga, descarga e manipulación continua destes residuos altamente putrescibles xerará inevitablemente episodios periódicos de malos cheiros que afectarán á calidade de vida das poboacións e vivendas próximas.

Ademais, contéplase a emisión á atmosfera de óxidos de nitróxeno (NOx), monóxido de carbono (CO), dióxido de xofre (SO₂), metano (CH₄), dióxido de carbono (CO₂), amoníaco (NH₃), sulfuro de hidróxeno (H₂S), carbono orgánico total (COT) e partículas. Esta dispersión de gases, que inclúe precursores da chuva ácida e substancias altamente irritantes e tóxicas, terá unha implicación negativa e directa na saúde pública da poboación local. Neste senso, o proxecto obvia o impacto acumulativo e o efecto sinérxico destas emisións sobre os núcleos habitados próximos, o que supón un risco inasumible de patoloxías respiratorias e cardiovasculares que invalida calquera conclusión de compatibilidade ambiental do proxecto.

Doutra banda, hai que recordar que numerosas investigacións internacionais veñen alertando nos últimos que as plantas de biogás sofren "fugas de metano" (*methane slips*) estruturais. Cando acontecen, estas fugas anulan gran parte dos beneficios deste tipo de proxectos en relación da loita contra o cambio climático, dado que o metano ten un potencial de quecemento global ata 86 veces superior ao CO₂. Neste senso, un publicado na revista científica Waste Management (Scheutz, C. & Fredenslund, A.M., Total methane emission rates and losses from 23 biogas plants, Waste Management, vol. 97, 2019, pp. 38–46) no que se analizaron 23 plantas de biogás europeas en funcionamento, concluíu que a perda total media

nas instalacións analizadas foi do 4,6%.

(2) RISCO INMINENTE PARA O MEDIO HÍDRICO.

A parcela escollida para a instalación industrial linda na súa parte sur directamente co río Anllóns, o cal define o bordo da mesma. O proxecto pretende verter parte do efluente industrial tratado ao dominio público hidráulico.

A planta contempla o manexo de enormes cantidades de residuos líquidos e a xeración de grandes volumes de efluentes (50.947 m³/ano de auga residual industrial derivada da fracción líquida do dixestato).

Calquera fallo estrutural, erro humano, vertedura accidental ou episodios de choivas torrenciais supón un risco crítico de contaminación das augas superficiais do río Anllóns, afectando gravemente á calidade das súas augas e á rede hidrográfica da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

O dixestato líquido, mesmo tras un proceso de ultrafiltración e osmose inversa, conserva trazas de nutrientes (nitróxeno e fósforo) e, o que é máis grave, contaminantes emerxentes (antibióticos procedentes de xurros e residuos industriais) que non son eliminados polos sistemas de depuración convencionais. A vertedura de 139 m³/día de efluente industrial nun ecosistema fluvial sensible como o Anllóns é inasumible e incompatible coa Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), que esixe acadar o "bo estado ecolóxico" dos ríos.

(3) AFECCIÓN AO PATRIMONIO CULTURAL.

A instalación proxectada atenta contra a integridade do patrimonio arqueolóxico local. Neste senso, o propio EsIA documenta que a planta de biogás se sitúa a menos de 200 metros da "Mámoa de Chousa Grande", quedando dentro da súa contorna de protección legal. Aínda que o EsIA intente xustificar a compatibilidade da planta argumentando que o terreo xa está alterado, a instalación dunha infraestrutura industrial pesada de máis de 9.300 m² con escavacións e movementos de terras supón unha ameaza evidente sobre o xacemento.

A Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia esixe que calquera intervención en contornos de protección garanta a non alteración de valores paisaxísticos e a integridade dos bens. A instalación dunha planta de tratamento de residuos de carácter industrial rompe visual e físicamente coa contorna dun sitio arqueolóxico.

(4) IMPACTO POLO INCREMENTO CONTINUO DE TRÁFICO PESADO.

A loxística da planta esixe un movemento constante de vehículos de gran tonelaxe pola rede viaria local, prevendo un tránsito medio de 17-20 camións ao día a nivel operativo (cunha estimación máxima de 25-30) para o abastecemento de materia prima e outros labores. Este incremento substancial de tráfico pesado xerará un aumento constante do ruído, emisións de po e gases de combustión, ademais de acelerar a deterioración das infraestruturas viarias da

contorna, afectando á seguridade viaria dos veciños da Laracha e concellos limítrofes.

(5) RISCOS DE SEGURIDADE E EFECTO SINÉRXICO CON OUTRAS INDUSTRIAS.

O tratamento de biogás e a súa purificación para obter biometano a alta presión (ata 250 bares) implica riscos intrínsecos de explosión e incendio.

Neste senso, hai que destacar que o concello da Laracha está catalogado como Zona de Alto Risco (ZAR) fronte aos incendios forestais. A implantación dunha industria destas características agrava exponencialmente dito risco. Ademais, a tan só 2 quilómetros do proxecto atópase a empresa M. POUSO, S.L., catalogada como industria de Nivel Superior SEVESO polo almacenamento de materias explosivas. A proximidade entre ambas instalacións incrementa o risco ante un eventual accidente grave.

(6) INCOMPATIBILIDADE CO MODELO DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

A parcela sobre a que se pretende construír esta macroplanta ten a clasificación de solo rústico de protección ordinaria e protección natural. A instalación dun complexo industrial de xestión de residuos desta magnitude rompe co modelo agrogandeiro tradicional e coa paisaxe do val, desvalorizando as propiedades da contorna e prexudicando o desenvolvemento dun medio rural sustentable, estrangulando calquera iniciativa de turismo rural ou agricultura ecolóxica na zona.

A parcela seleccionada (Parcela 18 do Polígono 56) presenta unha clasificación urbanística dual que, segundo o propio EsIA (Capítulo 5, páx. 236), inclúe solo rústico de protección ordinaria e, de maneira crítica, solo rústico de protección natural.

A Lei 2/2016 do Solo de Galicia establece que o solo rústico de protección natural se outorga a terreos que presentan valores ecolóxicos, ambientais ou paisaxísticos que é necesario preservar. A implantación dunha infraestrutura industrial destinada á xestión de 63.500 toneladas anuais de residuos (moitos deles industriais, como lodos de conserveiras) é intrinsecamente incompatible cos obxectivos de conservación desta categoría de solo.

Por todo o exposto,

SOLICITO

Que se teña por presentado este escrito, se admita e, en mérito ás alegacións formuladas, se emita unha **Declaración de Impacto Ambiental DESFAVORABLE e SE DENEGUE a autorización e permisos substantivos para o proxecto da "Planta de Biogás Laracha"** por resultar incompatible coa preservación da saúde pública, a protección do medio hídrico, a conservación do patrimonio cultural e a integridade do medio rural galego.

En _____, a data _____.

Asdo.: